

# Medidas para xerar emprego e combater a precariedade

---

**V**IVIMOS nunha etapa de globalización e neoliberalismo, que atinxe dun xeito moi directo ás relacións laborais, aos servizos públicos, á distribución da renda... é dicir: á clase obreira e á nosa nación no seu conxunto. Estamos nunha economía mundializada onde operan simultaneamente a concentración e a centralización como mecanismos de acumulación de capital.

Favorecen esta centralización o control imperialista das novas tecnoloxías, dos fluxos financeiros, dos recursos naturais, dos medios de comunicación e, especialmente, a potencia militar. Un control que se exerce directamente ou ao través de organismos internacionais que na practica están ao servizo dos países máis poderosos. Organismos como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, a Organización Mundial do Comercio ou mesmo as Nacións Unidas amosaron nos últimos anos unha submisión total aos intereses das grandes potencias e sobre todo a Estados Unidos.

A centralización e concentración da acumulación capitalista, ou sexa da distribución da riqueza producida, dáse en beneficio fundamentalmente dos países que integran o G-7, e moi especialmente dos Estados Unidos, así como da

Unión Europea e Xapón. Hai entre estas potencias imperialistas diferenzas, mesmo disputa económica, que ás veces se reflicte con claridade na OMC ou no apoio político directo a empresas transnacionais que pelexan por novos mercados (a través de contratos públicos ou privados), porén unha postura común cando se trata de apoiar os países dependentes.

A hexemonía actual dos Estados Unidos é inquestionábel. Isto non quere dicir que non exista unha situación dinámica na que no futuro pode mudar a correlación de forzas. Sobre esta preponderancia o economista uruguaio Daniel Olesker afirma que na etapa actual “a economía norteamericana consolidou a súa hexemonía económica, política, militar e cultural no século XX”, e define as súas características da globalización: “a maior parte do comercio internacional contemporáneo realízase no interior das corporacións ou empresas multinacionais, transnacionais ou globais. Así, o libre comercio é un mito e o que en realidade predomina e o máis desigual comercio.” (...) “Os estados nacionais máis poderosos asumen a tarefa de organizar o comercio mundial, non para garantir o libre comercio, senón para asegurar a hexemonía das súas empresas” (...) “O dominio dos mercados nacionais e locais depende tamén do

control dos medios de información e comunicación que acadan, a través da publicidade e outros mecanismos máis sofisticados de influencia cultural, determinar as condutas e os comportamentos”...

A globalización e as políticas neoliberais, a centralización e concentración capitalista, favorecen a moi poucos países, xerando no resto o medre da pobreza e mesmo a marxinação social, mais tamén aumentan a desregulación laboral e a rebaixa ou perda de servizos básicos mesmo nos estados máis poderosos. As consecuencias son unha contracción constante do crecemento económico e o medre do desemprego. Concretamente, segundo datos do Banco Mundial, a media do aumento anual foi do 4,1% de 1965 a 1980, do 3,3% na década dos 80, e do 2,7% de 1990 ata o 2001.

Foi diante deste menor crecemento da economía a nivel mundial que, para manter privilexios e as altas taxas de ganancias empresariais, medrou o espolio sobre os países periféricos e a explotación das clases traballadoras. Desregulación laboral, aumento da man de obra de reserva, desfeita da agricultura familiar, privatización dos servizos básicos esenciais, migracións masivas, son o reverso dunha mesma moeda, que ten pola outra cara: grandes beneficios das transnacionais e pola especulación en Bolsa, militarización da economía mundial, control dos medios de información, estreitamento das liberdades democráticas,... estamos pintando o que sempre se chamou imperialismo, aínda que agora remozado.

Evidentemente, ademais de consecuencias negativas no eido económico, para a maioría da

humanidade, a globalización e o neoliberalismo teñen custos importantes noutros temas como son as liberdades democráticas e os dereitos colectivos, e posiblemente irreversíbeis en materia ecolóxica, cultural e lingüística. Vivimos un proceso acelerado onde os grandes avances científicos e técnicos van acompañados dos efectos máis perversos e empobrecedores por mor da apropiación que deles fan moi poucos países e sectores moi estreitos da sociedade.

As consecuencias destas políticas para a clase obreira foron negativas en todo o mundo e, como indicamos antes, moito máis nos países periféricos ou dependentes. Concretamente, como nos di o sociólogo brasileiro Ricardo Antunes, “verificouse unha significativa heteroxenización do traballo, expresada tamén a través da crecente incorporación de continxentes femininos ao mundo obreiro; percíbese, igualmente, unha *subproletarización* intensificada, presente na expansión do traballo parcial, temporal, precario, subcontratado, “terceirizado”, que marca a *sociedade dual* no capitalismo avanzado, do cal, os *traballadores inmigrantes* en Alemaña e o *traballo negro* en Italia son exemplos do enorme continxente de traballo inmigrante, que se dirixe ao chamado Primeiro Mundo, en busca do que aínda queda do estado de benestar. Así, inverteuse o fluxo migratorio de décadas anteriores, que ía do centro á periferia.” Debemos engadir ademais: o medre dos ritmos de traballo e, como consecuencia disto e da precariedade laboral, o aumento dos accidentes e baixas por enfermidade nos centros de traballo.

O noso país, Galiza, dependente dende hai séculos, con cotas de autogoberno mínimas na actualidade e periférica a respecto de Europa, comparte en gran medida a tendencia e as análises que facemos para as nacións periféricas, coloniais e neocoloniais.

Agora ben, aínda sendo certo tanto o escenario e as tendencias que nos parágrafos anteriores se analizaron dun xeito moi breve, as consecuencias sociais e laborais son e serán moi diferentes segundo as políticas que se practiquen polos gobernos a calquera nivel de representación e a fortaleza do movemento social e sindical en cada nación. É dicir, que rematar cos efectos perversos da globalización e o neoliberalismo depende tanto da coordinación internacional e da acumulación de forzas a ese nivel, como da mobilización concreta en cada país e o grao de poder institucional que se acade en cada un.

Evidentemente son necesarias -urxentes- mudanzas de profundidade, que permitan vivir nun mundo máis xusto, democrático, onde se garantan plenamente os dereitos individuais, nacionais, de xénero, e se aposte por un desenvolvemento sustentábel que non estrague a natureza. Na CIG estamos comprometidos con esa estratexia, de defensa da soberanía nacional e de clase, solidaria, tanto a nivel de prédica como de práctica. Porén, entendemos, que esa construción necesita do avance social e da acumulación de forzas. Ou sexa, da prédica constante dun modelo alternativo e ademais, moi especialmente, da transformación cotiá, da proposta concreta sobre aqueles proble-

mas que hoxe podemos solucionar e que favorezan ás grandes maiorías e especialmente á clase obreira.

As seguintes análises e medidas a levar adiante a curto e medio prazo están enmarcadas na análise anterior, e polo tanto vencelladas a un proxecto global, transformador, solidario, democrático e de soberanía.



*A globalización e as políticas neoliberais aumentan a desregulación laboral e a rebaixa ou perda de servizos básicos.*

## Situación de Galiza

---

**G**ALIZA padece hoxe unhas altas taxas de paro e precariedade que afogan o consumo, frean a natalidade, causan unha enxurrada migratoria e aumentan ata límites preocupantes a marxinalidade.

Este panorama social e económico preocupante, e un futuro incerto, son a demostración do fracaso das políticas de emprego e de fomento da estabilidade desenvolvidas polo Goberno galego, con base nos pactos do ano 1998 –asignados con CCOO, UGT e a CEG–, que foron un auténtico fracaso, a pesar de que durante a súa vixencia os empresarios recibiron preto de 150 millóns de euros para o fomento do emprego e a estabilidade, co compromiso de reducir a precariedade ao 11%, hoxe no 35%.

Agora ben, sendo conscientes de que as políticas neoliberais, executadas polos gobernos do Partido Popular non foron capaces, ou non querían, reverter esta situación, debemos mediante a acción sindical forzar cambios nestas políticas. As seguintes propostas pretenden tanto mudar o marco legal existente, as accións e medidas das distintas administracións, como conseguir a través da negociación colectiva ou dos acordos entre partes avances significativos nas condicións de vida e laborais da clase obreira galega.

Neste contexto a construción dun Marco propio de relacións laborais (MGRL) é fundamen-

tal para avanzar nos obxectivos que nos marquem. En concreto os convenios galegos son unha peza chave para a construción do MGRL, sempre e cando sexamos quen de enchelos de contido. Lembremos que neste marco (o da negociación colectiva) é onde as organizacións sociais e patronais podemos “lexislar” moitas materias que no Parlamento galego, unhas veces por falla de competencias e outras moitas por falla de vontade política, é pouco doado tratar e aprobar no contexto actual de correlación de forzas.

Aínda conseguindo avances, a través da mobilización, do debate e da negociación, debemos ter sempre presente que a dependencia de Galiza, tanto económica como política, é feito básico, fundamental. Non é posíbel con este corsé, que frea as nosas potencialidades, implementar un auténtico proxecto de desenvolvemento, con xustiza social, progreso cultural e unha democracia participativa e solidaria. Estas son limitacións obxectivas que están presentes no Parlamento, nas institucións de todo tipo e, por suposto, na negociación colectiva. Limitacións que non podemos esquecer e que non debemos agochar na nosa praxe cotiá.

Queremos lembrar e salientar, ademais, a ofensiva do centralismo –negador dos dereitos nacionais de Galiza–, así como a actitude de des-

prezo e prepotencia amosada, nalgúns casos con toda claridade como no afundimento do Prestige, por parte do Goberno central e a submisión da Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular. É ben destacar tamén a resposta masiva e

contundente dunha gran parte da poboación galega, e especialmente da clase obreira e mocidade, dando lugar ás máis grandes mobilizacións das dúas últimas décadas durante os últimos dous anos.

## O emprego e a súa evolución

O desemprego e o nivel de precariedade e pobreza non é máis alto xa que por medio da emigración se “expulsou” a unha gran parte da poboación rural. Falamos de expulsión porque se incentivou desde o Goberno do Estado, cun-

ha dobre finalidade: diminuír o desemprego encuberto e recadar divisas para o despegue económico das áreas industriais, mesmo recibindo subvencións por cada emigrante que chegaba a un país da Europa Central na década dos 60. Galiza ía participar minimamente destes beneficios. A emigración foi masiva durante máis dun século, poren atinxiu valores máximos despois da Guerra Civil; foi un verdadeiro éxodo, tal como reflicten os seguintes datos de emigración baseados en cálculos sobre as diferenzas de poboación intercensais.



*O goberno, coa flexibilidade laboral, aumentou a rotación dos desempregados e colocou en situación de inseguridade case que un 50% da poboación.*

Emigración galega	
Anos	Emigrantes
1878-1910	225.083
1911-1940	113.688
1941-1970	581.788
1975-1990	137.450

Nas últimas décadas do século XX freouse en gran medida a emigración transatlántica e centro europea, porén mantense un forte fluxo de persoas cara ao resto do Estado; soamente no

ano 2001 foron máis de 16.000 galegos e galegas os que marcharon á procura dun posto de traballo. A novidade desta nova emigración é que é, maioritariamente, de xente moza, ademais cunha alta cualificación.

A perda destes activos ten graves consecuencias sobre a natalidade e envellecemento da poboación... A isto temos que sumar a perda económica que supón formar persoas para que desenvolvan despois a súa vida activa fóra do país.

Temos que destacar, ademais, a novidade da inmigración. Ata hai poucos anos Galiza era apenas receptora de inmigrantes. Trátase na maioría dos casos de emigrantes retornados e xubilados, pero tamén xente nova. No último ano foron máis de 23.000. Esta gran cantidade de emigrantes retornados e inmigrantes require, na maioría dos casos, un tratamento especial.

Temos que salientar que, a medida que a emigración debece, na década dos oitenta, comeza a aumentar o desemprego e a precariedade e cando a emigración aumenta o paro baixa, aínda que a precariedade (en todas as súas formas) mantén taxas ascendentes.

Sen dúbida, o goberno apostou pola flexibilidade laboral, aumentando a rotación dos desempregados e colocando en situación de inseguridade case que un 50% da poboación. Esta política ten unha dobre finalidade, socializar a pobreza no interior da clase traballadora e rebaixar os custos laborais. Deste xeito aumentaba a competitividade a custo dos asalariados/as e mantiña e mesmo aumentaba as ganancias empresariais.

Vexamos de vagar cal é a situación actual e a súa evolución recente. Nas últimas décadas a poboación asalariada medrou significativamente e o desemprego aumento dun xeito salientábel, aínda que, nos últimos anos mingouou, tanto por mor do crecemento económico como por efecto da emigración, como xa dixemos.

Evolución do desemprego				
Ano	nº persoas			
	activas	ocupadas	asalariadas	paradas
1976	1.249.850	1.228.750		21.100
1980	1.173.990	1.115.140	530.585	58.850
1984	1.225.370	1.083.090	483.337	142.280
1988	1.205.900	1.056.160	525.070	149.830
1992	1.160.400	974.400	570.882	186.100
1996	1.119.100	910.900	572.345	208.200
2000	1.157.900	986.600	718.802	171.300
2002	1.220.500	1.072.200	780.782	148.300

Fonte: INE

**NOTA:** A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición de paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparábeis cos de anos anteriores.

Dende 1976 houbo un descenso da poboación ocupada de 156.000 persoas. Este descenso da ocupación foi moito máis acusado no sector primario tal e como podemos ver no seguinte cadro: 429.950 ocupados menos só neste sector.

<b>Poboación ocupada por sectores económicos</b>					
Ano	Agro Pesca	Industria	Cons- trucción	Servizos	Total
1976	568.050	218.500	99.600	342.600	1.228.750
1980	463.750	193.380	114.880	343.130	1.115.140
1984	482.030	175.180	76.080	349.800	1.083.090
1988	405.800	154.130	90.380	405.850	1.056.160
1992	278.100	163.900	101.200	447.400	990.600
1996	229.500	148.200	99.800	465.900	943.400
2000	174.700	186.200	123.800	550.800	1.035.500
2002	138.100	218.100	133.400	582.600	1.072.200

Fonte: INE

O resto dos sectores non foron quen de absorber a totalidade desta forza de traballo procedente do sector primario. O comportamento por sectores é desigual. Foi o sector servizos o que incorporou á maior parte desa forza de traballo. O devandito sector pasou de ter 342.600 ocupados no 1976 a 582.600 no 2002. É dicir, 240.000 ocupados máis. Outros 33.800 absorbeunos o sector da Construción. Mentres que o sector industrial non contribuíu a incorporar ningún efectivo xa que como podemos ver ten practicamente a mesma poboación ocupada que en 1976. Cómpre salientar que o sector industrial experimentou unha forte caída de ocupados de máis do 30% acadando o seu mínimo en 1996 (dentro dos anos analizados), do que só se comezou a recuperar en anos recentes.

Paralela a esta modificación no reparto sectorial do emprego, mudou substancialmente a distribución social: descendeu o numero de au-

tónomos e axudas familiares (ao devecer a actividade agraria) e, pola contra, medrou fortemente o número de empresarios e asalariados. Estes últimos pasaron dun 47,5% no ano 1980 a un 72,8% no 2002 da poboación ocupada.

Desde o ano 1989 ao ano 2002 a taxa de eventualidade medrou 10 puntos. En 1989 eran o 24,8 por cen dos asalariados os que tiñan un contrato temporal, en 2002 a cifra a porcentaxe atinxe ao 34,8 por cen. Neste período hai un 111,9% de máis asalariados con contrato eventual.

O seguinte cadro reflicte como medrou a temporalidade nos últimos anos:

<b>Evolución da taxa de eventualidade</b>			
Ano	Porcentaxe eventualidade	Total contratos temporais	Total Poboación Asalariada
1989	24,8	128.200	516.00
1990	26,4	139.100	526.200
1991	28,7	160.500	558.600
1992	30,5	169.000	553.500
1993	26,9	141.600	526.400
1994	31,4	158.900	505.700
1995	32,5	170.400	523.000
1996	33,0	178.000	538.700
1997	34,3	194.700	566.500
1998	33,3	201.100	602.600
1999	33,9	215.800	636.600
2000	34,3	230.700	672.500
2001	34,2	234.900	686.800
2002	34,8	271.700	780.100

Fonte: IGE. Enquisa de Poboación Activa. Medias anuais.

Vexamos algunhas das características do traballo eventual, da economía mergullada e do desemprego en Galiza:

- O desemprego é moi elevado, no ano 2002 afectaba ao 12,2% da poboación activa, case que 3 puntos por riba da media do Estado, e practicamente dobra o dalgunhas zonas como Catalunya, Madrid, etc.
- O desemprego afecta especialmente ás mulleres (a taxa de paro é do 17,5%), e a mocidade (entre os menores de 29 anos a taxa de paro é do 23,4%).
- A situación dos parados de longa duración, especialmente dos 56.600 que levan máis de dous anos sen atopar traballo, é preocupante e debe ser solucionada con medidas específicas. O número de parados de longa duración medrou en máis de 25.000 desde 1992. A pesar desta situación, as contías destinadas ás prestacións económicas por desemprego diminúen e Galiza segue a estar por baixo do ratio de cobertura da media estatal.
- Durante 2002 fixéronse en total 715.968 contratos, dos cales 657.338 foron eventuais, ou sexa, o 91% da totalidade dos contratos. Hai traballadores que fan máis dun contrato no ano, e outros que non acadan ningún. Por exemplo de 148.300 desempregados que había de media no ano 2002, 73.200 levan máis dun ano no paro, ou sexa que só uns 75.100 levan menos dun ano, e que polo tanto rotaron ou levan menos tempo en busca do primeiro emprego.
- A rotación do emprego, entendida como a relación entre os contratos temporais rexistrado no ano e os asalariados con contrato temporal, dáunos unha media de 2,4 contratos por persoa no ano 2002; aínda que descendeu tres décimas desde o ano anterior amosa unha alta rotación do emprego en Galiza.
- Os contratos eventuais son utilizados fundamentalmente en sectores como a construción, hostalería e industrias manufactureiras, e entre os traballadores menos cualificados. Xeralmente son traballadores que viven no rural e nos arredores das cidades.
- Os contratos temporais están moi centrados na xente nova, tanto en homes como en mulleres. Aínda que entre estas últimas a taxa de temporalidade é bastante superior á dos homes; no ano 2002 un 38% fronte ao 32,4% dos homes.
- Hai un número maior de eventuais no sector privado da economía que no público. Concretamente, no ano 2002, no sector privado había un 39,0% e no público un 22,4%. (Non temos datos a nivel galego).
- Canto aos contratos cunha duración temporal, os contratos por obra ou servizo determinado representan no 2002 o 45,5% do total de contratos asinados (657.787). No restante 54,5% de contratos nos que figura data de duración un 94,9% son por menos de 6 meses, e un 42,9% teñen unha duración de menos de 1 mes.
- Por outra banda, unha parte dos contratos eventuais son a tempo parcial, ou sexa cuns

ingresos mínimos. En 2002 eran un 12%, a maior parte en servizos (33.100).

- As mulleres son as principais afectadas pola contratación a tempo parcial (un 89,3%) e o desemprego (un 61%), cando só constituían un 39,6% da poboación ocupada.
- Cómpre constatar, así mesmo, que hai un sector de traballadores/as na economía mergullada, sen cotizacións, sen dereitos de ningún tipo, realizando xornadas totalmente abusivas e por salarios moi baixos. Outros sectores a salientar serían aqueles que aínda tendo contrato realizan un exceso de xornada sen ser retribuído ese exceso de horas, ou o numeroso sector dos chamados falsos autónomos, traballadores/as que estando de alta como tales realizan traballos avituais baixo a dirección das empresas para as que traballan, como calquer traballador/a por conta allea.
- Segundo o “*Estudo sobre a sociedade galega de 1996*” un 6,7% dos homes non tiñan contrato mentres que esta situación abrangía a un 19,5% das mulleres. Aínda que non temos cifras máis actuais reflicte que as mulleres dobran aos homes na economía mergullada e que esta atinxe a unha cifra elevada de persoas (un 11% neste estudo).
- Por último salienta, máis unha vez, que o desemprego de longa duración e a precariedade laboral en todas as súas formas é unha lousa sobre as familias, e especialmente a mocidade, e frea a natalidade. Un dato, aquelas mulleres que teñen contrato eventual teñen unha

taxa de natalidade inferior ás que teñen contrato fixo, concretamente a media de fillos das mulleres asalariadas é de 1,1 nas que teñen un contrato fixo, e de 0,8 nas eventuais.

### **Podemos resumir a situación laboral en Galiza dicindo que hai catro grandes bloques:**

- 1) Os traballadores/as cun posto de traballo indefinido 508.300.
- 2) Os traballadores/as con contrato temporal 271.000.
- 3) Os desempregados/as 148.000. Cómpre destacar dentro deste colectivo os 73.200 desempregados/as de longa duración nunha situación de total marxinación.
- 4) Os asalariados/as que traballan na economía mergullada.

Sumando os apartados 2), 3) e 4) vese que os traballadores/as en situación de precariedade laboral representan, aproximadamente, sobre o 50% dos/as asalariado/as galegos/as.



*Un 50% dos asalariados galegos están hoxe en situación precaria.*

## Distribución da renda

Todos sabemos que Galiza ten unha renda por persoa menor que a maioría das nacionalidades e autonomías que integran o Estado español. Hai anos dicíase que era por mor dunha agricultura minifundista e atrasada, mais hoxe este sector ocupa unha man de obra mínima, e aínda si mantéñense as diferenzas nos ingresos. Estas diferenzas resultan aldraxantes en sectores como os da industria, construción e os servizos onde non existen aparentemente diferenzas de produtividade.

CUSTO SALARIAL POR TRABALLADOR E MES (Euros)				
1º Trimestre 2003	Total Sectores	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	1.289,89	1.419,69	1.225,77	1.276,84
Asturias	1.391,42	1.785,80	1.341,58	1.256,16
Canarias	1.166,65	1.389,60	1.103,56	1.157,86
Castela/León	1.268,25	1.579,71	1.043,71	1.191,65
Catalunya	1.496,18	1.686,36	1.294,53	1.446,40
Galiza	1.226,77	1.359,16	1.105,47	1.201,87
Madrid	1.736,59	1.972,82	1.449,83	1.731,22
País Vasco	1.603,07	1.814,09	1.476,88	1.505,65
Estado español	1.412,52	1.572,87	1.228,79	1.395,08

Fonte: INE. Índice de Custos Laborais

Como se pode ver no cadro anterior, os salarios de Galiza son moito máis baixos que os de Euscadi e Madrid; ademais están por debaixo dos de Asturias e Catalunya, e mesmo dos de Andalucía no sector industrial e na construción.

Rachan estes datos tamén calquera argumento que basee a falta de competitividade das empresas galegas na cuestión salarial.

Estes menores salarios reflíctense con toda claridade cando analizamos a distribución da renda interior, xa que malia a importante modificación da estrutura do emprego en Galiza, cun aumento tan grande do número de asalariados, isto non se reflectiu na distribución da renda medida polo Produto Interior Bruto (PIB), tal e como amosa o cadro da páxina seguinte .

Ao longo destes últimos seis anos (1995-2000) dos que dispomos de información, o número de asalariados medrou nun 49,3%, (no ano 1995 había 523.000 e no ano 2000 estes xa eran 780.800) mentres que a participación no Produto Interior Bruto incluso descendeu lixeiramente.

En concreto, en 1995 a remuneración aos asalariados representaba o 45,3% do PIB, e no ano 2000 o 44,9%. Este descenso de 4 décimas prodúcese na parte das cotizacións sociais –o que é soldos e salarios mantense constante nun 35,4% sobre o PIB ó longo do período–; en calquera caso, as cotizacións sociais non deixan de ser un salario diferido dos traballadores, polo que esta perda afectará a longo prazo aos seus ingresos. Evidentemente a flexibilidade laboral, o traballo en negro e rebaixa real dos salarios son a orixe desta perda de participación no bolo do PIB.

<b>Distribución da renda interior</b>						
	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Remuneración asalariables	10.831.966 45,3%	11.482.080 45,4%	12.027.823 44,8%	12.834.492 44,5%	13.847.925 44,4%	15.096.214 44,9%
- Soldos e salarios	8.473.211 35,4%	8.982.103 35,5%	9.423.921 35,1%	10.110.887 35,1%	10.894.281 34,9%	11.893.679 35,4%
- Cotizacións sociais	2.358.755 9,8%	2.499.977 10,7%	2.603.902 9,7%	2.723.605 9,4%	2.953.644 9,4%	3.202.535 9,5%
Excedente bruto de explotación	10.708.867 44,8%	11.297.202 44,7%	12.135.607 45,2%	12.933.862 44,9%	13.874.051 44,5%	14.823.623 44,1%
Impostos netos sobre a produción	2.360.937 9,8%	2.493.395 9,8%	2.682.175 9,9%	3.020.911 10,4%	3.431.437 11,0%	3.677.500 10,9%
PIB	23.901.770	25.272.677	26.845.605	28.789.265	31.153.413	33.597.337

Fonte: IGE. Contas económicas. Serie 1995-2002

Pola contra, entre os empresarios e autónomos, que descenderon nun 13,6% neste período, apenas perderon parte do “pastel” da renda, só 7 décimas.

Estes datos vense reforzados cos estudos de pobreza. Segundo o informe do Consello Económico e Social (CES) do Estado español do ano 2001, a pobreza atinxía a un 19,4% das familias, e salientaba que das autonomías do norte do Estado Galiza era a que tiña unha taxa máis alta.

Un estudo de Cáritas fixa a pobreza en Galiza no 19,5 das familias e o 21,8% da poboación. En concreto hai 31.450 persoas en pobreza extrema; 104.790 en pobreza grave; 207.340 en niveis de pobreza moderada; e 231.570 en situación de precariedade social.

A enquisa “Condicións de vida das familias”, realizada polo IGE, contrasta con estas porcen-

taxes ao rebaixar esta taxa á metade, evidentemente porque os criterios son diferentes.

O seguinte cadro sobre a menor ou maior facilidade que aseguran ter as familias para chegar a final de mes, parece avaliar maiores niveis de pobreza que os reflectidos pola enquisa do Instituto Galego de Estatística, xa que un 56,7% ten dificultades para rematar o mes sen problemas económicos.

<b>Enquisa familiar sobre as condicións de vida</b>	
	2002
Con moita facilidade	1,02
Con facilidade	42,24
Con dificultade	43,07
Con moita dificultade	13,67
Total	100,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2002.

## Medidas para fomentar o desenvolvemento económico e social

---

**O**S negativos datos anteriores sobre precariedade laboral e distribución da renda son consecuencia non só de políticas equivocadas para o desenvolvemento económico, senón tamén o resultado dunha aposta por un modelo productivo baseado, entre outras cousas, en querer manter a competitividade e os beneficios empresariais a custo de rebaixar salarios e reducir prestacións sociais. Apostouse por aplicar acriticamente todas as medidas que favorecen a globalización e o neoliberalismo. Os resultados son preocupante: a poboación está envellecida, a natalidade é negativa, o rural está cada vez máis estragado, algúns dos nosos principais sectores productivos con graves problemas de desenvolvemento, temos altas taxas de paro e eventualidade, miles de mozos e mozas emigran cada ano e mantense o diferencial negativo con respecto ao noso entorno tanto en ingresos por persoa como en media salarial.

Para mudar esta situación cómpren medidas a varios niveis.

- Esixir do Estado a transferencia a Galiza de todas as competencias económicas e laborais, así como, o termos presenza directa nos organismos da UE, en todos aqueles temas que nos atinxan, para poder planificar en función dos intereses do noso País

(o que esixe unha modificación da Constitución).

- Aproveitar mellor os recursos cos que hoxe contamos, a todos os niveis (autonomía, deputacións e concellos). Utilizados estes medios acoidamente, índa que non poidamos acadar todos os obxectivos, si podemos virar a situación económica, realizar un desenvolvemento máis equilibrado sectorial e territorialmente e que favoreza aos sectores hoxe máis prexudicados, recuperar a natalidade e o crecemento demográfico.

Por outra banda, calquera proxecto de desenvolvemento da economía galega hoxe debe ter en conta as relacións co norte de Portugal, co cal constituímos de feito unha gran rexión económica complementaria (por non abudarmos aquí na importancia histórica e cultural, e nacional, que ten este vencellamento). Os intercambios comerciais con norte de Portugal teñen un crecemento anual importante e son moi favorábeis para Galiza. A rexión económica Galiza-Norte de Portugal permite dobrar o mercado «interno», estamos a falar dunha eurorrexión con máis de seis millóns de habitantes, para o que poden producir todas as empresas galegas, facéndoas máis rendíbeis.

## Reforma do marco xurídico e político

Como dicíamos no primeiro parágrafo deste apartado, os instrumentos con que conta a Xunta de Galiza son insuficientes -os propios dun país dependente- e impiden o pleno desenvolvemento económico, social e cultural. Por iso avaliábamnos atinadamente e propúñamos as seguintes medidas no primeiro Congreso da CIG e que aínda son plenamente viventes:

*“O actual marco xurídico político (Estatuto de Autonomía, Constitución Española...) limita a nosa capacidade de obrar como nación. Neste senso, somos partidarios da súa transformación radical a fin de que Galiza conte con plenas competencias e capacidade de decisión en todas as materias. Aínda así, constatamos como sistematicamente se nos furtan posibilidades dun certo avance en aspectos capitais para o noso desenvolvemento como traballadores e como pobo, posibilidades que teñen, porén, perfecta cabida no desenvolvemento estatutario e na súa reforma en tres grandes cuestións:*


**FINANCIAMENTO AUTONÓMICO:** *Porque non podemos estar constantemente hipotecados ás contas que fai o Goberno central, coidamos imprescindible acadarmos a plena autonomía financeira de Galiza e crearmos igualmente os elementos de control de contas dese pastel millonario. Só así poderíamos poñer en marcha moitas das propostas da CIG e deste programa.*

**PLANIFICACIÓN ECONÓMICA:** *Competencia hoxe reservada en exclusiva para o Estado e fon-*

*te dos principais problemas e agresións vividas no noso país nos últimos anos (reconversión naval, negociacións pesqueiras, cotas lácteas...). Contraer compromisos e efectivizalos en parcelas económicas decisivas de Galiza serían os sinais de identidade inconfundíbeis dun goberno galego merecente de tal nome.*

**LEXISLACIÓN LABORAL:** *Unha competencia que Galiza pode asumir, co acordo das Cortes Xerais, e que sería un aspecto clave na consecución do Marco Galego de Relacións Laborais e, loxicamente, un paso transcendental na creación do espazo social galego que a CIG propugna.”*

*No primeiro congreso da CIG xa se propuñan medidas, que están plenamente viventes, para o desenvolvemento do noso país.*



## Política fiscal e orzamentaria

---

A política fiscal é unha das principais ferramentas de política económica coas que conta un goberno. Máxime neste momentos cando, no seo da Unión Europea, a política monetaria está delegada no Banco Central Europeo. Neste contexto, un uso anticíclico da política fiscal é fundamental e case o único instrumento para prever crises económicas.

Unha política fiscal expansiva, que permita redistribuír a renda a través de impostos directos e progresivos, é fundamental para aumentar o nivel de emprego e diminuír as diferencias sociais que imperan neste momento na sociedade galega e na do Estado Español.

O goberno español está apostando por aumentar a presión fiscal a través de impostos indirectos, e simultaneamente reduce a progresividade do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, restando así progresividade ao sistema tributario, mentres as disparidades rexionais e as diferenzas sociais aumentan.

A Xunta de Galiza ten cedidos actualmente os seguintes tributos: impostos sobre sucesións e doazóns, sobre transmisións patrimoniais, sobre patrimonio, sobre actos xurídicos documentados e sobre o xogo con total capacidade normativa; e o 33% da tarifa do IRPF con total capacidade normativa para mover os tipos impositivos.

A escasa autonomía financeira coa que conta a Xunta de Galiza faina moi dependente das directrices do goberno do Estado, e non lle per-

miten modificar nin o papel do Estado na economía nin utilizar a fiscalidade como un instrumento económico. Neste senso cremos necesario cando menos:

- Transferir o IRPF.
- Transferir o imposto sobre sociedades, xa que é un dos principais instrumentos para a captación de investimentos.
- Transferir o IVE.


Nos tres casos con total capacidade normativa.

Pola súa banda a Xunta de Galiza debe, a partir da competencia que xa posúe:

- Poñer en práctica mecanismos que permitan que se reinvestan os excedentes económicos e o aforro no país (hoxe en día empresas como ENDESA son a orixe de beneficios multimillonarios, que son reinvestidos no resto do Estado; así mesmo, a banca e caixas de aforro colocan gran parte dos depósitos dos clientes en investimentos fóra do país).
- Fortalecemento e mellora do sistema de Garantías Recíprocas, mediante o fornecemento de recursos suficientes, de xeito que poidan ampliar a súa función de instrumentos de promoción empresarial, especialmente de empresas de nova creación.
- Creación dun Instituto Galego de Crédito. Un banco público que permita apoiar as políticas económicas impulsadas desde a Xunta de Galiza, así como outras iniciativas xurdidas noutros sectores da sociedade.

## Medidas para potenciar a produción

Para unha economía como a galega, periférica a respecto da Unión Europea, sen a posibilidade de basear o seu desenvolvemento no turismo de masas ou nas finanzas (como Canarias ou Singapur, por pór dous exemplos), mais con potencialidades evidentes en pesca, gandería, selvicultura, rochas ornamentais, enerxía, etc., sería extremadamente grave non aproveitalas e desenvolvealas ao máximo ou aceptar limitacións políticas de calquera tipo sobre estes sectores.



*A economía galega ten que potenciar os seus sectores básicos.*

Son sectores que, alén da súa contribución ao PIB e ao emprego, son alicerces de actividades secundarias e terciarias de maior dimensión e importancia; ademais teñen un valor estratéxico tanto para evitar grandes desequilibrios territoriais como a desertización das zonas de montaña. Tampouco se pode esquecer a súa importancia a respecto da identidade nacional, tanto no aspecto cultural como especificamente lingüístico.

### O agro

A produción láctea é fundamental na Galiza interior, xa que serve de medio de vida a unhas 50.000 familias directamente e a moitos miles máis de xeito indirecto. Todos sabemos que dúcias de vilas viven de dar servizos a estas explotacións agrarias, e que calquera redución nos ingresos implica unha perda de emprego na industria e nos servizos (talleres mecánicos, comercio, transporte, etc). Coa cota lactea actual resulta imposible aumentar o rendemento de todas as explotacións, polo que cómpre aumentar a produción, limitada pola Unión Europea mentres o Estado español importa leite. Un tema grave que afecta aos ingresos dos nosos labregos, que teñen unhas rendas moi baixas, e que pode desertizar aínda máis o interior do país.

Só en dous anos, desde 1994 a 1996, o número de explotacións gandeiras pasou de 66.621 a 51.512. A produción láctea permitida

pola cota en 1995 era de 1.678.000 toneladas e a produción real de 2.178.000. A diferenza é evidente.

## **A pesca**

Outra das actividades básicas da economía galega e a única que completa no país o seu proceso produtivo, polo que foi capaz de sobrevivir a todas as dificultades que significou a entrada na Unión Europea, e as limitacións impostas nas capturas e tonelaxe da flota posteriores. Da pesca dependen só na actividade extractiva uns 40.000 empregos (tripulación de barcos e marisqueo), aos que hai que engadir uns 10.000 máis nas fábricas de conservas. Así mesmo, a actividade portuaria, a construción de barcos e reparación, o transporte de mercadorías, o sector metalográfico, as empresas de frío industrial, etc., teñen un vencellamento directo coa capacidade de produción de materia prima. O sector ten hoxe problemas importantes, que van desde as deficientes comunicacións coa meseta, Portugal e Europa, á falla dunha representación directa nas negociacións con terceiros países no tema dos caladoiros, ata un aumento das subvencións para renovar a flota, un maior investimento na acuicultura, a mellora dos portos, agrupar e diversificar a oferta, mellorar as redes de comercialización, etc.

Non pretendemos aquí analizar a todos os sectores produtivos; só dar algún exemplo que se podería alongar a outras actividades nas que temos potencialidades evidentes.

Fronte aos graves problemas e eivas antes descritos desde a CIG levamos décadas solicitando medidas de apoio aos sectores primarios, industrialización do país, melloras das comunicacións e servizos básicos, e fundamentalmente da xeración de máis emprego e mellora das condicións laborais (Plano Galego de Emprego, Plataforma Galega de Acción Sindical...). Neste momento, e neste contexto e para alén de acadar un maior grao de soberanía no futuro -algo no que non desbotamos nin esquecemos-, entendemos que son necesarias as seguintes iniciativas ou medidas para consolidar os sectores básicos da economía galega, asegurar unha expansión constante e duradeira do sector industrial, no que teñan un papel importante as novas áreas de produción:

- Dedicar a investimentos reais un 5% do PIB para efectivizar a creación do emprego necesario co fin de rematar coa emigración e as altas taxas de desemprego.
- Pechar os ciclos produtivos, promover un desenvolvemento autocentrado, apostar pola calidade nos produtos, fomentar a asociación empresarial para mellorar a oferta e as redes de comercialización. Apoiar os sectores emerxentes que creen emprego de calidade.
- Paralizar a política de privatizacións das empresas públicas e de servizos básicos (ensino, sanidade, correos, camiños de ferro, etc).
- Potenciar as infraestruturas por ser un elemento fundamental para o desenvolvemento, máxime nun país periférico a respecto da Unión

Europea como é Galiza, priorizando aquelas que garantan a cohesión interna do País e as relacións con aquelas áreas con grandes semellanzas culturais, como Portugal. Así mesmo, unhas boas infraestruturas portuarias, tendo en conta a nosa situación xeográfica e vínculos culturais, podería convertirmos nun punto fundamental de referencia nas relacións comerciais de Europa con África e Latinoamérica.

- Consegir a liberalización da produción láctea ou cando menos acadar unha cota de 500.000 Tm máis cada ano. Garantir un prezo mínimo digno para a produción. Constituír un grande grupo lácteo galego que realice unha transformación completa da produción, no que haxa participación económica da Xunta de Galiza.
- Plano de modernización e diversificación da agricultura, co obxectivo de frear o desmantelamento do sector agrario (incorporación de mozos á agricultura e gandería, técnicos e asesores, etc.). Plano de desenvolvemento rural (local) e ambiental, coa finalidade de frear a desertización da área rural (industria agroalimentaria, produtos verdes, artesanía, etc.). Explotar racionalmente o monte, reforestar as zonas calvas (especialmente con especies autóctonas). Aproveitar o mato para coxeración de enerxía e calor.
- Potenciar unha política de conservación e protección da natureza e o reciclado de desperdicios. Esta é ademais unha nova e importante fonte de emprego.
- Exixir da Unión Europea o peche de acordos pesqueiros con Terceiros Países. Implantación dun Plan Integral de Recuperación dos caladoiros do litoral, rías e bancos naturais de marisco, no que se contemplan, de acordo co sector, paradas biolóxicas subvencionadas, recuperación do litoral e bancos marisqueiros afectados polos recheos, depuración de todos os residuos urbanos e industriais, creación de sementeiros (hacheris) de carácter público que permitan que as mariscadoras poidan acceder a este servizo que actualmente está en mans privadas (estranxeiras). Mantemento e potenciación dos Centros de Control do Medio Mariño, mantendo o seu carácter público. Potenciación da acuicultura, así como a modernización e impulso dos sistemas de comercialización, transformación e distribución.
- Posta en marcha dun plano do sector industrial que se concrete por actividades e bisbarras, especialmente naquelas actividades que completen os ciclos produtivos e aumenten o valor engadido (papel, granito, moble, maquinaria para a selvicultura e a pesca, inputs para o sector do automóbil, naval, etc.). O goberno galego debe ser o principal impulsor do mesmo, investindo directamente ou por medio de empresas mixtas.
- Creación dun Sector Público Empresarial Galego (Instituto da Empresa Pública Galega): constituído coa transferencia das empresas públicas existentes en Galiza. Participación da

- Xunta en novos proxectos industriais vitais para o país, como por exemplo na transformación láctea, redes de comercialización, etc. Buscar alternativas ás empresas en crise.
- Eliminar todos os atrancos á construción de barcos de calquer tipo en Izar. Coordinar tanto en Vigo como en Ferrol a actividade dos estaleiros, co fin de acadar unha mellor rendibilidade na súa explotación.
  - Diversificación das fontes de enerxía e potenciación das enerxías renovábeis. Impulsar a coxeración. Fomento da trixeración (produción de frío e calor mediante o gas). Consideración da enerxía como un servizo público. Modernización da rede de transporte e de distribución tanto en alta como en baixa tensión.
  - Funcionamento real da Mesa Galega do Carbón.
  - Redes de comercialización. Mellorar as redes de comercialización fomentando a creación de asociacións sectoriais para acadar unha maior introdución no mercado, e poder chegar con capacidade competitiva aos mercados exteriores. Colaboración entre estas e os servizos de información da Xunta. Potenciar a produción de calidade e con deseño.
  - A Xunta debe potenciar tamen aquelas actividades que o mercado non desenvolve, como as que aumenten o benestar social ou dinamicen os sectores existentes. Por exemplo: técnicos e asesores en temas agrarios, de economía social, atención á terceira idade e infantil, coitado da natureza, xestión de residuos, etc.
  - Impulsar a construción de vivendas sociais, co fin de facilitar o acceso da mocidade e as familias con menos capacidade adquisitiva a unha vivenda propia.
  - Bases de datos e redes de información. Dotar de medios ao Instituto Galego de Estatística con fontes popias de realización de enquisas, recollida de datos mesmo a nivel internacional, e que non sexa como hoxe un reprodutor da información do Estado. Facer unha análise máis pormenorizada da realidade económica e social galega, mediante unha análise sectorial, comarcal e municipal. Realización de soportes con esta base informativa (impreso, CD-ROM), consolidar e mellorar a información por Internet.



*A pesca é unha das actividades básicas da economía galega e a única que completa no país o seu proceso produtivo.*

- Investigación, colaboración Universidade-Empresa-Administración. Aumentar os fondos públicos dedicados á investigación. Priorizar proxectos que potencien a produción, transformación e comercialización de produtos do país e unha economía autocentrada e sostíbel. Coordinar a realización de estudos de investigación e mellorar a divulgación dos resultados nas empresas, mesmo fomentando e apoiando economicamente a súa aplicación, especialmente nas pemes.
- Fomento da economía social. Impulsar o movemento cooperativo, especialmente na industria e nos servizos. Aumentar as subvencións por persoa para formar empresas cooperativas, priorizalas nos plans de formación e nos proxectos de información, introducir os estudos sobre economía social en todos os planos de ensino e aumentar os fondos que dedica a Xunta a esta finalidade. O asesoramento técnico e a información sobre a situación do mercado, ante cada novo proxecto, ten que estar contemplado como un servizo do goberno galego, que se pode efectivizar a través dos concellos.
- A iniciativa local para fomentar o desenvolvemento empresarial é importante, tanto mediante o asesoramento ou a prestación de servizos, como a través de participación con fórmulas mixtas, ou mesmo creando empresas públicas.
- Adoptar medidas especiais para corrixir a grave problemática que vive a muller do mundo

rural. A escasez de postos de traballo para mulleres, xunto á falla case absoluta de servizos sociais que lles permitan optar aos poucos existentes, é unha das causas principais do despoboamento do rural. Cómpre, xa que logo, unha aposta pública –o sector privado xa está demostrado que non é capaz ou non lle interesa–, forte e rápida, mediante investimentos produtivos importantes e creación de servizos sociais se se quere paliar esta situación e frear así a desertización do rural galego.



*É necesario aumentar os fondos dedicados á investigación.*

- Potenciar as actividades relacionadas co lecer, ecoloxía, servizos sociais, etc. Estas son novas necesidades sociais que abren abondosas posibilidades de emprego e que debían ser atendidas neste intre desde o sector público. A problemática ecolóxica debe terse en conta en toda iniciativa de ampliación ou nova construción, investigación, especialmente cando afecte a industrias extractivas, contaminantes, transporte, especies vexetais, etc.).
- Reforma do actual marco xurídico das empregadas de fogar, que implique cando menos a súa incorporación ao Réxime Xeral da Seguridade Social.
- Negociación e transferencia das políticas pasivas de emprego do INEM a Galiza. Mellora do funcionamento do Servizo Público de Emprego, conforme ás propostas feitas polos axentes sociais no Comité Autonómico de Emprego. Aplicación real do principio de cooperación: todos os órganos rectores deben ser de composición tripartita e paritaria.
- Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación. Transferencia a Galiza da formación continua.
- Apoio á cultura e á lingua galega. Esta é unha reivindicación nacional, pero tamén unha fonte importante de emprego. Nomeadamente, pular pola nosa cultura e lingua significa manter e propiciar milleiros e milleiros de postos de traballo (tv, radio, cinema, teatro, música, medios audiovisuais, publicacións escritas, internet, pintura, artes plásticas, artesanía, etc).

A TVG debe ser un elemento básico desde o que pular polo desenvolvemento da cultura e lingua galega; mesmo habería que impulsar unha canle temática dirixida en exclusiva a temas culturais e á formación. Cómpre na TV fortalecer a produción propia, tanto por motivos de emprego como de defensa das formas culturais propias. Este é un eido en que se poden crear moitos milleiros de novos empregos e no que fomentamos o noso, e onde ter unha lingua distinta nos dá toda a vantaxe competitiva.

- Apoiar aqueles medios de comunicación e publicidade que empreguen a lingua galega.



*Compre explotar racionalmente o monte, reforestar as zonas calvas (especialmente con especies autóctonas) e proveitar o mato para coxeración de enerxía e calor.*

## Desemprego e precariedade

---

**C**OMO podemos comprobar nos capítulos anteriores o desemprego e mais a precariedade son eivas que atinxen negativamente a unha gran parte da poboación galega. As medidas adoptadas ate agora, en xeral de carácter illado e coxuntural, foron un fracaso, reflectindo que estamos diante dun problema estrutural, de fondo. Se a Xunta de Galiza contase con competencias plenas nas materias que vimos de tratar e estivese ao fronte dela unha forza política disposta a polas en práctica desde unha perspectiva galega, de xustiza e igualdade social, teríamos posibilidades de levar adiante as mudanzas estruturais necesarias. Agora ben, aínda carecendo de competencias esenciais o Goberno Galego pode aplicar políticas que favorezan a xeración de emprego e a redución da precariedade. A realidade é que esto non se fixo, provocando que durante as últimas décadas se afondase na precariedade, o desemprego e a emigración. A responsabilidade do Partido Popular xestionando o medre da economía na última década a prol dos grupos máis poderosos ou dos intereses foráneos é evidente. Este un dato que non podemos esquecer ou agochar, xa que amosa que só a mobilización vai garantir unhas políticas sociais e laborais distintas, progresistas, favorábeis ás maiorías.

As medidas que a continuación desenvolvemos non son novas, xa as temos esixido durante os últimos anos, con pouca receptividade por par-

te da Xunta de Galiza. Son medidas no social e no labroal que complementan as que fixemos con anterioridade en materia económica.

Manifestamos o noso rechazo á medida que se está propiciando desde a Unión Europea, así como desde o Goberno central e a Xunta, de aumentar o número de contratos a tempo parcial, potenciándoos mediante subvencións. Na práctica estase alentando a fraude, xa que moitos empresarios van realizar este tipo de contratos para encubrir xornadas laborais máis extensas, como xa acontece con moitos contratos a tempo parcial. Deste xeito non se cumpriría o obxectivo de cubrir un certo emprego estrutural destas características e a súa utilización sería en moitos casos fraudulenta.

Entendemos como máis positiva a iniciativa que tomaron varios gobernos dentro da Unión Europea en materia de emprego, de daren subvencións a aquelas empresas que reduzan a xornada laboral e creen novos postos de traballo, xa que non hai dúbida de que son empresas que van primar a modernización tecnolóxica e a calidade.

Polo que respecta a proposta de salario social que facemos, ademais dunha finalidade solidaria e de integración laboral, significa unha redistribución da renda e polo tanto potenciar o consumo, o mercado interno, e o emprego. A mesma dobre finalidade se acada coa redución

da xornada laboral e a eliminación dos contratos en precario, as horas extras ou o traballo en negro. En todos estes casos hai unha redistribución da renda que favorece o consumo de bens esenciais ou básicos polos traballadores, aqueles que se producen fundamentalmente no país.

Coidamos que o salario social é chave en calquera política progresista e que procure a integración laboral, polo que damos a seguir algúns argumentos sobre as súas vantaxes:

- Evita os dramatismos da inseguridade de non ter ningún ingreso, e polo tanto os problemas que da marxinação se derivan.
- Establece un escalón salarial, debaixo do que ningún asalariado vai aceptar un posto de traballo.

Reflotaría axiña milleiros de empregos da economía somerxida e eliminaría os contratos lixo.

- Axuda a fixar poboación, tremendamente necesario no rural galego.

O lóxico é que salario social sexa igual ao mínimo interprofesional, e que os que o reciben teñan obrigas (traballo público ou social e cursos de formación). O emprego social debía catalogarse, de mutuo acordo entre sindicatos e Administración, a fin de evitar que se realicen traballos para os que habería que facer contratacións normais.

Este salario social só sería para aqueles que xa non teñen prestacións económicas no paro e podía ser concedido polo Goberno central ou, se é o caso, pola Xunta de Galiza.

## Medidas para combater a precariedade e a marxinação

---

- Extensión das prestacións económicas a todos os parados galegos ou que leven residindo en Galiza máis de 3 anos, maiores de 21 anos. Cun salario igual ao salario mínimo interprofesional.
- Actuación das Inspeccións ante as fraudes na contratación, extensión da xornada laboral sen pagala, infracotización, economía somerxida. Seguimento especial das empresas con traballadores en prácticas e bolseiros, para evitar a fraude que se comete con este colectivo de traballadores.
- Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
- Causalidade na contratación temporal. Derrogar toda a normativa que non coloque a contratación temporal nas estreitas marxes da máis rixida causalidade.
- Penalización na contratación temporal, maior aportación na cota empresarial para o desemprego.
- Supresión radical das horas extras.
- Fixación, por parte da Xunta de Galiza, en todos os pregos de condicións dos concursos administrativos, dunha taxa mínima de traballadores/as con contratos estabéis a todas aquelas empresas que queiran concurrir, valorando especificamente o grao de eventuali-

dade para a decisión final. Nos procedementos de libre designación non será posíbel a concesión a aquelas empresas que non teñan unha taxa de estabilidade igual ou superior á media de Galiza.

- Inclusión da cláusula de subrogación do persoal en todos os pregos de condicións para contratas de servizos.
- A Xunta de Galiza daralle estabilidade aos programas que financia das administracións locais, para combater a precariedade a que están sometidos estes traballadores/as (pacto local).

As mulleres sofren taxas máis altas de paro, eventualidade, traballo a tempo parcial e traballo en negro, e menores salarios medios. As mulleres perciben unha remuneración menor por traballos de igual valor que os dos homes, ou ben teñen a mesma remuneración cando o seu traballo é de maior valor, ou ben existe unha desproporción entre a valoración dos traballos que realizan mulleres e homes. As retribucións deben ser iguais para traballos iguais, integrando no concepto de retribución toda prestación salarial, rachando así coas diferenzas salariais que se producen entre os traballos chamados «feminizados» e o resto, dado que existe unha situación de desigualdade laboral de xénero coa que cómpre rematar. Esta situación de discriminación, desemprego e precariedade que sofre a muller vese acentuada pola falla de medidas reais que favorezcan a conciliación da vida laboral e familiar.

- Reforzo das políticas encamiñadas a aumentar o número de prazas públicas en garderías, centros de atención á terceira idade e minusválidos, con horarios amplos e compatíbeis coa xornada laboral. Por outra banda, este tipo de medidas contribuirían á creación dun número importante de postos de traballo.
- Mellorar o réxime legal da conciliación da vida laboral e familiar. Para iso propomos:
  - Aumentar o permiso por maternidade retribuído ata un ano.
  - Ampliar o número de días por permisos retribuídos por nacemento de fillo, morte, hospitalización...
  - Mellorar o disposto para a redución da xornada, optando por acumular o total de horas do permiso de lactación para poder escoller entre unha acumulación semanal ou mensual ou desfrutándoas de forma ininterrompida tras a baixa por maternidade.
  - Ampliar o dereito de reserva do posto de traballo durante todo o tempo que se permaneza en excedencia por coidado de fillos ou familiares, garantindo que este período de excedencia compute para todos os efectos, antigüidade, complementos salariais...
  - Debemos fomentar que os homes exerzan os dereitos de conciliación que a Lei concede indistintamente a mulleres e homes

## Instituto Galego de Emprego e Formación

---

Diante da necesidade de facermos unha política activa de emprego, adaptada á realidade social e económica de Galiza, que afronte con éxito e dea solucións ao problema do paro, á perda de poboación ocupada, etc., a formación profesional é un dos aspectos a termos moi en conta. Desde a CIG coidamos que esta tarefa debe ser levada adiante desde o Instituto Galego de Emprego e Formación, cos seguintes perfís básicos:

- Organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo (ou a aquela que teña estas competencias), con personalidade xurídica e orzamento de seu.
- Con facultades de organización xeográfica e funcional, dotado de medios materiais, informáticos, de infraestruturas e recursos humanos cualificados, que permitan:
  - a) Unha continua prospección dos mercados de traballo.
  - b) Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profesionalizada, xunto á relación permanente coas empresas.

c) Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación, así como das potencialidades de desenvolvemento das distintas comarcas e sectores. Transferencia total da formación continua para Galiza, de acordo co aprobado no Parlamento galego e con base na sentenza do Tribunal Constitucional.

As funcións do IGAEF terían que ser:

- 1) Exercer de mediador na busca de postos de traballo.
- 2) Xestionar as prestacións e os subsidios de desemprego.
- 3) Cualificación, orientación e cualificación profesional personalizada, se é o caso, dos demandantes de emprego (Servizo Integrado de Promoción do Emprego).
- 4) Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional e continua.
- 5) Elaborar, presentar, xestionar e avaliar todo tipo de proxectos e iniciativas comunitarias de formación de emprego.

## Medidas de cara á negociación colectiva

---

Como temos dito, a negociación colectiva é un mecanismo fundamental que temos a clase traballadora para mellorar as nosas condicións de vida e de traballo. É polo tanto un medio importante a utilizar na loita contra a preca-

riedade, na loita pola creación de postos de traballo estábeis.

Temos que explotar as posibilidades actuais de «lexislar» por mediación dos convenios, que en moitos aspectos é maior que os que ten o

poder legislativo galego. Teñamos en conta que a Constitución (art. 37.1) recoñece o dereito á negociación colectiva e a forza vinculante dos convenios. O convenio colectivo é creador de dereitos e obrigas propios da relación laboral e ten o recoñecemento de auténtica norma xurídica no seu ámbito de aplicación.

A negociación colectiva é un campo moi importante para conquistar melloras que nos permitan avanzar na redución da precariedade e na mellora da estabilidade no emprego. Para iso temos que romper coa actual dinámica de negociacións rotineiras, sen participación dos afectados/as, onde a negociación afecta a un número cada vez máis reducido de materias e de forma moi superficial. Temos que impor un modelo de negociación na que se entre a tratar materias como: redución da temporalidade, eliminación das horas extras, redución efectiva da xornada, recuperación de poder adquisitivo, eliminación da discriminación por razóns de xénero... e outras medidas que inciden directamente na precariedade laboral.

Aínda que é moi minoritario, temos hoxe xa algunhas experiencias de convenios en Galiza, nos que ademais a CIG tivo un protagonismo importante, onde xa se deron cambios que racharon con esa dinámica de negociación colectiva burocratizada, acadándose resultados positivos en materias como: redución da eventualidade pola vía da fixación por empresa de porcentaxes mínimas de persoal con contrato fixo no cadro de persoal, prohibición das ETTs, penalizacións á eventualidade ou ao traballo a tempo parcial, fixación de perío-

dos certos nas vacacións, garantías en traslados e desprazamentos para que o seu uso non sexa discrecional para a empresa e discriminatorio para a clase traballadora, etc. Posibilidades de levar adiante cambios existen, depende de que se vexa esa necesidade e de que exista esa vontade nas direccións e nos cadros das centrais sindicais.

O seguinte cadro reflicte o peso que a eventualidade ten segundo o sector.

<b>Tipo de contrato por actividade (media anual 2002)</b>			
Rama de actividade	Total	Duración indefinida	Duración temporal
Agricultura, gandería	13.0	7.1	5.9
Pesca	14.9	10.3	4.6
Industrias extractivas	9.5	6.8	2.8
Indust. manufacturas	183.7	121.4	62.3
Prod. e distribución enerxía eléctrica	5.3	4.1	1.2
Construción	103.9	43.8	60.1
Comercio	103.8	71.0	32.8
Hostelaría	27.1	11.9	15.2
Transporte	39.7	27.3	12.5
Intermed. financeira	18.0	15.2	2.9
Activid. inmobiliarias	39.0	25.4	13.6
Admón. pública	62.1	50.1	12.1
Educación	52.4	42.0	10.4
Activ. sanitarias	52.9	38.1	14.8
Outras activ. sociais	32.5	20.7	11.8
Fogar empr. pers. domést.	23.1	13.9	9.2
<b>TOTAL</b>	<b>780.8</b>	<b>508.9</b>	<b>271.9</b>

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

A precariedade laboral non é a mesma en todos os sectores da actividade nin ten as mesmas formas; nuns casos prima a eventualidade, noutros as excesivas horas extras que non se pagan, noutros o traballo en negro, noutros os falsos autónomos... e noutros coinciden varios aspectos destes ao mesmo tempo.

Cada sector debe pois definir as súas estratexias neste tema e preparar as súas propias medidas reivindicativas, tendo como eixos centrais das mesmas a redución da eventualidade, a garantía de a igual traballo igual salario... Nestas reivindicacións, así como na propia dinámica negociadora, cómpre ter presente tamén o peso daqueles sectores nos que a precariedade incide de forma máis directa, é dicir, o sector das mulleres, mocidade en xeral e inmigrantes.

Cómpre ter presente tamén que a precariedade non abrangue só á empresa privada. Nos últimos anos está a medrar de forma significativa en toda a área pública (administración, ensino e saúde) vía contratos temporais directos ou privatización dos servizos públicos.

Para avanzarmos neste sentido, cómpre tamén que mudemos os nosos métodos de traballo. Temos que pular pola participación activa, consciente e plena, dos afectados/as pola negociación de calquera convenio, calquera que sexa a súa dimensión e ámbito. Resulta difícil organizar un sector se todos os afectados descoñecen o potencial que representan, se antes nunca se axuntaron entre varias empresas ou nunca asistiron a unha asemblea xeral do seu colectivo. Velaí o noso deber sindical.



*A precariedade non é a mesma en todos os sectores, nuns prima a eventualidade, noutros as excesivas horas extras...*